

	Febre aftosa	Peste porcina clásica	Enfermidade vesicular porcina	Peste porcina africana	Peste bovina	Enfermidade de Newcastle	Influenza aviar	Peste dos pequenos ruminantes
b) Se o leite ten un pH inferior a 7,0 pasteurización simple de curta duración a alta temperatura (HTST).	+	0	0	0	0	0	0	0
c) Se o leite ten un pH igual ou superior a 7,0, dobre HTST	+	0	0	0	0	0	0	0

+: Eficacia recoñecida.
0: Eficacia non recoñecida.

(*) Deberanse tomar todas as medidas necesarias para evitar a contaminación cruzada.

(**) F0 é o efecto letal calculado sobre as esporas bacterianas. Un valor F0 igual a 3,00 significa que o punto máis frío do produto foi tratado o suficiente para alcanzar un efecto letal equivalente ao de 121 °C (250 F) en tres minutos con queamento e arrefriamento instantáneos.

ANEXO IV

Principios xerais de certificación

1. O representante da autoridade competente de expedición que emita un certificado de acompañamento dun envío de produtos de orixe animal deberá asinar ese certificado e asegurarse de que leva un selo oficial. Este requisito aplicarase a cada unha das follas do certificado, se tivese máis dunha.

2. Os certificados deberán estar redactados, polo menos, en castelán cando a inspección fronteiriza se realice en España, ou cando España sexa o Estado de destino, ou ben deberán ir acompañados dunha tradución certificada para o castelán.

3. A versión orixinal do certificado deberá acompañar os envíos ao entrar no territorio nacional.

4. Os certificados deberán ter unha das tres formas seguintes:

- Unha folla única de papel.
- Dúas ou máis páxinas que formen parte dunha folla de papel única e indivisible.
- Ou unha secuencia de páxinas numeradas indicando que cada unha delas é unha páxina concreta dunha serie determinada (por exemplo, «páxina 2 de 4»).

5. Os certificados deberán levar un número de identificación único. Se o certificado consta dunha secuencia de páxinas, o dito número deberá aparecer en cada unha das páxinas.

6. O certificado deberase expedir antes de que o envío a que corresponde saia do control da autoridade competente do país de expedición.

desenvolvemento por vía regulamentaria. Para estes efectos, procedeuse á elaboración do regulamento de execución da lei, ordenándoo en seis títulos e tres disposicións adicionais.

Este real decreto e o regulamento executivo que aproba dítanse ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista polo artigo 149.1.9. da Constitución.

O título I regula pormenorizadamente os documentos que integran a solicitude e as informacións e datos que, de acordo co previsto na lei, se deben subministrar co obxecto de identificar perfectamente os titulares e os seus representantes e definir os elementos constitutivos do dereito solicitado, tanto cronoloxicamente —data de presentación e prioridades— como materialmente, mediante a representación gráfica do deseño e, con carácter opcional, a súa descrición explicativa. Especial atención se presta no anexo a que se remite o artigo 4 aos requisitos da representación gráfica ou fotográfica do deseño que se pretende protexer, pola súa importancia para delimitar con precisión e exactitude o obxecto do dereito, tendo en conta que o deseño se define pola novidade e singularidade das súas características de aparencia. Tamén se atende, como é lóxico, ás características técnicas e á súa presentación estandarizada para permitir un tratamento homoxéneo dos expedientes e facilitar a súa informatización e publicación, tendo en conta, ademais, que se prevén solicitudes múltiples. A experiencia demostra que a forma máis eficaz para facilitar o labor do solicitante e ordenar e racionalizar o traballo da Oficina Española de Patentes e Marcas é, ata onde sexa posible, ordenar eses datos en impresos normalizados que poderán ser utilizados para presentar as solicitudes, e dispoñer sistemas comúns de numeración e datación das solicitudes de rexistros polos órganos encargados de recibilas.

O título II desenvolve o procedemento de rexistro, e divídese en tres capítulos.

O capítulo I regula as actuacións correspondentes a momentos da tramitación que resultan separables do exame de fondo, previamente á concesión do rexistro, como son a recepción das solicitudes, a asignación de data de presentación e o exame de forma, que realizarán os órganos competentes (comunidades autónomas que asumisen efectivamente estas competencias e creasen os órganos para aplicalas) previstos no artigo 20 da Lei 20/2003, do 7 de xullo. O exame dos requisitos mínimos para asignar data de presentación e o exame dos requisitos formais pódense realizar sucesivamente ou nun único acto, comunicándose ao solicitante nunha mesma notificación. Prevease que as irregularidades que afecten os requisitos formais exixidos para publicar a reprodución gráfica do deseño se lle comuniquen ao solicitante, pero a súa falta de emenda non afectará a continuación do procedemento cando se trate de solicitudes para as cales se

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

17826 REAL DECRETO 1937/2004, do 27 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial. («BOE» 250, do 16-10-2004.)

A Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, na súa disposición derradeira segunda, autoriza o Consello de Ministros a ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación. Son tamén moitos os artigos da citada lei que prevén o seu

pedise o adiamento da publicación. Esta fase da tramitación será xeralmente moi breve e, cando non a realice a Oficina Española de Patentes e Marcas, terminará coa remisión a este organismo da solicitude conforme o previsto no artigo 28 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

O capítulo II regula o exame de oficio, realizado en todo caso pola Oficina Española de Patentes e Marcas, que se limita a comprobar que se trata dun deseño en sentido legal e que non é contrario á orde pública ou aos bos costumes, coa posibilidade, no primeiro caso, de solicitar, se procede, o cambio de modalidade, e no segundo, de modificar o deseño sempre que non se altere a súa identidade substancial. A Oficina Española de Patentes e Marcas tamén realiza ou revisa a clasificación de produtos, que unicamente ten incidencia xurídica no caso das solicitudes múltiples para respectar o límite da unidade de clase imposto polo artigo 22 da lei, e ofrécelle ao solicitante, se fose necesario, a posibilidade de dividir a solicitude. Dado, ademais, que o rexistro e a publicación seguen inmediatamente a este exame sumario, a Oficina Española de Patentes e Marcas comproba unha vez máis se se completaron todos os requisitos necesarios para poder realizala, con nova oportunidade para o solicitante de corrixir irregularidades. Como no caso do exame formal, e para gañar tempo, os resultados destas comprobacións poden realizarse nunha única notificación. Transcorrido o prazo fixado para contestar ao suspenso, resolverase o expediente no sentido que proceda.

O capítulo III ocúpase do rexistro e publicación, trámite este último esencial para o recoñecemento do dereito e a posibilidade de exercelo fronte a terceiros, especificándose os extremos e informacións que han de incluírse para identificar os titulares ou os seus representantes, así como o alcance e obxecto do dereito exclusivo sobre o deseño ou os deseños. Limitase a información dos deseños que non cheguen a ser publicados, e regúlase o adiamento da publicación, que é unha opción que se lle dá ao solicitante que o necesite para facer coincidir a publicación do deseño co lanzamento do produto.

O título III desenvolve a tramitación das oposicións ao rexistro, con base nalguna das causas de denegación previstas legalmente, e que só son examinadas unha vez producida a concesión, coas probas achegadas polos terceiros. Regúlase o contido do escrito de oposición, os motivos de inadmisión e desistencia, e o procedemento, con traslado ao solicitante, contestación, que inclúe a posibilidade de modificar o deseño preservando a súa identidade substancial nos casos previstos no punto 2 do artigo 35 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, exame e resolución motivada, que pode ser de estimación total ou parcial ou desestimación das oposicións presentadas. A resolución anotarase no rexistro e publicarase. A estimación dunha oposición comportará a cancelación do rexistro do deseño ou dos deseños afectados no Rexistro de Deseños. Non poderá formularse oposición nun só procedemento contra distintos rexistros, salvo que estes estean agrupados nunha solicitude múltiple, pero a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá, se o estima conveniente, acumular todos ou algúns dos procedementos de oposición referidos ao mesmo deseño.

O título IV regula o procedemento de renovación e o título V a inscrición de transmisións, licenzas e outras modificacións de dereitos, ocupándose o capítulo I deste do contido da solicitude de inscrición destes actos e dereitos inscricibles, e o capítulo II do procedemento de inscrición, así como da cancelación e modificación delas, e da renuncia ao deseño rexistrado. A regulación procura a sinxeleza do procedemento, reducindo no posible as formalidades salvo que sexan indispensables para garantir a certeza e seguridade xurídica que se deben vincular á inscrición rexistral.

O título VI desenvolve en parte o capítulo IV da lei sobre disposicións xerais de procedemento e, en parte, as normas xerais relativas ao mantemento do rexistro, publicidade e acceso aos expedientes. No seu capítulo I regula as actuacións que teñan por obxecto retirar, modificar ou rectificar a solicitude, conforme o previsto no artigo 37 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, corrixir erros ou inscribir os cambios de nome ou enderezo do solicitante ou o seu representante que non resulten dunha transferencia da solicitude ou de rexistro; no seu capítulo II, a división da solicitude para o caso de solicitudes múltiples, previsto en distintos procedementos da lei, unhas veces con carácter necesario e outras opcional; o capítulo III dedícase ao restablecemento de dereitos, unha figura procedente do dereito europeo e xeneralizada no noso ordenamento para todas as modalidades da propiedade industrial a través da disposición adicional sétima da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, que, non obstante, ha de adaptarse no seu desenvolvemento regulamentario ao previsto no artigo 39 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

Os supostos de suspensión, revisión de actos en vía administrativa e arbitraje, previstos nos artigos 40 a 42 da lei, non requiren ulterior desenvolvemento regulamentario. En cambio, é necesario precisar as mencións que hai que inscribir no Rexistro de Deseños, que poderá levarse en forma de base de datos electrónica, a publicidade dos datos e informacións rexistradas, o dereito á consulta pública de expedientes e os seus límites, que fundamentalmente afectan a todos os deseños que por calquera razón non chegasen a ser publicados, e a conservación de expedientes. De regular estes extremos ocúpase as normas do capítulo IV deste mesmo título.

Finalmente, no relativo a notificacións, comunicacións e representación, as disposicións adicionais primeira e segunda declaran aplicables as normas contidas respectivamente nos capítulos IV e VI do título VIII do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, capítulos que non tería sentido reproducir aquí na súa integridade dado que os preceptos que neles regulan estas materias son, coas precisións establecidas nas ditas disposicións adicionais, trasladables á aplicación da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo deliberación o Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de setembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial.

Apróbase o Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

1. Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto no regulamento que se aproba por este real decreto.

2. Queda derogado expresamente o Regulamento de adecuación á Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dos procedementos relativos á concesión, mantemento e modificación dos dereitos de propiedade industrial, aprobado polo Real decreto 441/1994, do 11 de marzo, en canto afecta os modelos e debuxos industriais.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista no artigo 149.1.9. da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa.

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para adoptar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do que neste real decreto se establece e, en particular, para a modificación dos requisitos da reprodución gráfica do deseño especificados no anexo.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

REGULAMENTO DE EXECUCIÓN DA LEI 20/2003, DO 7 DE XULLO, DE PROTECCIÓN XURÍDICA DO DESEÑO INDUSTRIAL

TÍTULO I

Solicitud de rexistro

Artigo 1. Contido da solicitude de rexistro.

1. A solicitude de rexistro de deseño deberá conter:

- a) Unha petición de rexistro de deseño.
- b) O nome, o enderezo e a nacionalidade do solicitante, así como o Estado en que teña o seu domicilio, a súa sede ou un establecemento comercial serio e efectivo. Se a solicitude se presentase nunha comunidade autónoma distinta da do domicilio do solicitante, indicación do establecemento industrial ou comercial serio e efectivo que se posúe no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude. Esta última indicación non será necesaria se o solicitante actúa por medio de representante e este tivese o seu domicilio ou unha sucursal seria e efectiva no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude. Cando o solicitante sexa unha persoa física indícarase o seu nome e apelidos, e cando sexa unha persoa xurídica, a súa denominación social completa. Para efectos de notificacións, poderase incluír outro enderezo postal. Así mesmo, poderase mencionar o número de teléfono, telefax, correo electrónico ou outro medio de comunicación, indicando de entre elas a forma preferente de notificación. No suposto de que houberse varios solicitantes, especificarase o enderezo ou medio de comunicación dun deles para efectos de notificacións; de non facerse así, as notificacións dirixiránse ao solicitante mencionado en primeiro lugar na solicitude.

c) Se o enderezo do solicitante se encontrase fóra do territorio español, indicación dun enderezo en España para efectos de notificacións, salvo que se actúe por medio de representante con domicilio en España.

d) Unha reprodución gráfica do deseño, de conformidade co previsto no artigo 4 e no anexo.

e) A indicación dos produtos a que se vaia incorporar ou aplicar o deseño consonte o establecido no artigo 3.1.

f) Cando o solicitante actúe por medio dun representante, o seu nome e enderezo, de conformidade coa alínea b) anterior, indicando, cando proceda para efectos do previsto no artigo 20.4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, a sucursal efectiva e real que se posúe no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude. Esta última indicación non será necesaria se o solicitante ten o seu domicilio, a súa sede ou un establecemento industrial ou comercial serio e efectivo no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude.

g) Cando o solicitante desexe preverase da prioridade dunha solicitude anterior, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, unha declaración en tal sentido, na cal se indique a data da solicitude anterior e o país en que ou para que se presentou, e, a ser posible, o número daquela.

h) Cando o solicitante desexe preverase da prioridade de exposición, segundo o previsto no artigo 25 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, unha declaración en tal sentido en que se indique a denominación da exposición e a data da primeira presentación naquela dos produtos que incorporen o deseño solicitado.

i) A sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. A solicitude poderá incluír, ademais dos anteriores, os elementos seguintes:

a) Unha descrición explicativa da representación de cada deseño referida só ás características que aparezan na representación gráfica a que se refire o artigo 21.1.c) da Lei 20/2003, do 7 de xullo. Non conterá afirmacións sobre a suposta novidade ou o carácter singular ou a funcionalidade do deseño.

b) Unha petición de adiamento da publicación conforme o previsto no artigo 21 deste regulamento.

c) A indicación da clase, así como da subclase ou subclases, da «Clasificación de Locarno», segundo o anexo do Acordo de Locarno, do 8 de outubro de 1968, polo que se crea unha clasificación internacional de debuxos e modelos industriais (no sucesivo, clasificación internacional), en que se inclúan os produtos a que se aplique o deseño solicitado, segundo o previsto no artigo 3 deste regulamento.

d) A mención do deseñador, ou do equipo de deseñadores, ou a declaración, asinada polo solicitante e baixo a súa responsabilidade, de que o autor ou os autores renunciaron ao seu dereito a ser mencionados.

Artigo 2. Solicitudes múltiples.

1. Nas solicitudes múltiples, previstas no artigo 22 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, o solicitante deberá, ademais dos datos xerais da solicitude e dos específicos de cada un dos deseños a que se refire o artigo anterior:

a) Numerar consecutivamente, con numeración arábica, os deseños incluídos na solicitude múltiple.

b) Incluír unha representación gráfica de cada un dos deseños segundo o previsto no artigo 4 e no anexo, con indicación dos produtos a que se apliquen, de conformidade co establecido no artigo 3.1.

2. Se se reivindicase prioridade para todos ou algúns dos deseños solicitados, será de aplicación ás prioridades reivindicadas o previsto nas alíneas g) e h) do artigo 1.1.

Artigo 3. Clasificación e indicación dos produtos.

1. A indicación dos produtos deberá mencionar claramente o tipo de produtos, de forma que cada un deles

este incluído nunha soa clase da clasificación internacional, utilizando preferentemente os termos da lista de produtos empregados na dita clasificación.

2. Os produtos clasificaranse de conformidade co artigo 1 do Acordo de Locarno, segundo o texto vixente o día de presentación da solicitude de rexistro do deseño. Os produtos irán precedidos do número da clase a que pertencen, e figurarán na orde das clases e subclases da clasificación internacional. A clasificación será exclusivamente para efectos administrativos e, de a realizar o solicitante, poderá ser rectificada de oficio pola Oficina Española de Patentes e Marcas. Non procederá, porén, a rectificación de oficio no caso previsto no artigo 16.2, procedéndose neste caso segundo o previsto no devandito artigo.

Artigo 4. *Representación gráfica do deseño.*

A representación gráfica do deseño consistirá na súa reprodución gráfica ou fotográfica, en branco e negro ou en cor, e deberá cumprir os requisitos establecidos no anexo.

Artigo 5. *Xustificante do pagamento da taxa de solicitude.*

1. Á solicitude de rexistro do deseño deberáselle xuntar o xustificante de ter satisfeita a taxa ou taxas de solicitude. Este xustificante poderá consistir no formulario que para tal efecto se estableza, en que constará, ademais da taxa e do importe aboado, o nome do solicitante, o do representante, se o houbese, e, cando se trate de solicitudes múltiples, o número de deseños en cuxo concepto se aboa a taxa.

2. Cando o pagamento da taxa se efectúe por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, o xustificante do pagamento consistirá no recibo que se expida de acordo coas características do soporte utilizado e deberá reunir os requisitos expresados anteriormente.

Artigo 6. *Presentación da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro do deseño presentarase nos lugares mencionados no artigo 20 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, e de conformidade co previsto neste.

2. A solicitude poderá presentarse nos impresos normalizados que se establezan para o efecto, sen prexuízo de que a representación do deseño ou dos deseños solicitados se poida realizar en folla á parte de acordo co previsto no anexo.

3. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, por proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, poderá establecer os supostos en que a presentación da solicitude de rexistro de deseño se poida levar a cabo por medios electrónicos ou telemáticos.

4. O órgano competente para recibir a solicitude fará constar nos documentos que a compoñan o número do expediente que lle correspondese e o lugar, día, hora e minuto da súa presentación. Para tales efectos, poderanse establecer, para o seu emprego xeneralizado polos distintos órganos competentes, sistemas normalizados de numeración e datación de solicitudes de rexistro.

5. No mesmo momento da recepción, o órgano competente expediralle ao solicitante un recibo acreditativo da presentación. Se a solicitude fose acompañada dunha copia, verificarase a súa concordancia coa solicitude e o recibo consistirá na entrega da dita copia, en que se fará constar o número do expediente e o lugar, día, hora e minuto da presentación. De non xuntarse copia, o órgano competente poderá optar por realizala á súa custa entregándolla ao solicitante cos mesmos requisitos anteriormente sinalados, ou pola expedición dun recibo en

que se fará constar o número de expediente, a representación, descrición ou outra identificación do deseño, a natureza e o número dos documentos presentados e o lugar, día, hora e minuto da súa recepción. En caso de solicitudes múltiples, o recibo identificará o primeiro deseño, e indicará o número dos presentados.

6. Cando a solicitude se presente nos soportes ou polos medios previstos no punto 3, o recibo expedirase de conformidade cos devanditos soportes ou medios, e deberá reunir os requisitos expresados no punto anterior.

7. Dentro dos cinco días seguintes ao de recepción da solicitude, o órgano competente da comunidade autónoma remitiralle á Oficina Española de Patentes e Marcas unha copia da solicitude en que conste o número de expediente e o lugar, día, hora e minuto da presentación. Para tales efectos, poderanse establecer, de acordo co previsto na disposición adicional oitava da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, medios informáticos, electrónicos ou telemáticos para a transmisión inmediata da copia da solicitude ou dos datos nela contidos.

Artigo 7. *Reivindicación de prioridade unionista.*

1. Se se reivindicase a prioridade dunha ou varias solicitudes anteriores, o solicitante deberá indicalo na solicitude. Deberá, así mesmo, comunicar o número e presentar unha copia da solicitude anterior certificada conforme pola oficina de orixe, no prazo de tres meses contados desde a data de presentación da solicitude de rexistro. A copia deberá certificar ou ir acompañada dun certificado da data de presentación da solicitude anterior expedido pola oficina receptora e dunha tradución para o castelán se esta solicitude anterior estivese redactada noutra lingua.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá dispoñer que as probas xustificativas da prioridade exigidas no punto anterior consten dun número menor de elementos, se a información requirida pode ser obtida por outras fontes.

Artigo 8. *Reivindicación de prioridade de exposición.*

Se se reivindicase prioridade de exposición, o solicitante deberá indicalo na solicitude e presentar, dentro dos tres meses seguintes á data de presentación, un certificado expedido pola autoridade encargada nela da protección da propiedade industrial. No certificado farase constar que o deseño incorporado ao produto se exhibiu na exposición, a data de inauguración desta e, se a primeira exhibición do produto non coincidise con tal data, a data en que se expuxo por primeira vez. Ao certificado xuntaráselle unha reprodución que identifique o produto realmente exposto, certificada pola devandita autoridade.

TÍTULO II

Procedemento de rexistro

CAPÍTULO I

Asignación de data de presentación e exame formal da solicitude

Artigo 9. *Asignación de data de presentación.*

1. O órgano competente para recibir a solicitude comprobará se esta inclúe:

a) Unha declaración expresa ou implícita de que se solicita o rexistro do deseño.

b) Datos que identifiquen o solicitante.

c) Unha representación gráfica, apta para ser reproducida, que permita identificar con claridade as características do deseño cuxo rexistro se solicita.

2. Se do exame resulta que falta algún dos elementos cos requisitos previstos no punto anterior, o órgano competente notificaralle ao solicitante a imposibilidade de outorgar unha data de presentación á solicitude, e sinalaralle as irregularidades observadas, con indicación de que se non as emendase no prazo dun mes, a solicitude non será tramitada como solicitude de rexistro de deseño.

3. Emendadas as irregularidades sinaladas no prazo previsto no punto anterior, a data de presentación da solicitude será a do día en que o órgano competente recibise o escrito de emenda. Se as irregularidades non se emendasen na debida forma e no prazo prescrito, a solicitude non será tramitada como solicitude de rexistro de deseño e terase por desistida. A resolución de desistencia seralle notificada ao solicitante.

Artigo 10. *Exame de forma e lexitimación.*

1. Unha vez realizado o exame previsto no artigo anterior, o órgano competente examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos de forma enunciados nos artigos 1 e 2, se o número de deseños das solicitudes múltiples non excede de 50 e se se achegou o xustificante do pagamento da taxa da solicitude. Tamén examinará de oficio se o solicitante ten lexitimación para ser titular dun deseño rexistrado en España conforme o artigo 4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

2. Se do exame resulta que a solicitude presenta algunha irregularidade ou defecto, o órgano competente notificarallo ao solicitante, outorgándolle o prazo dun mes para que os corrixa ou presente as súas alegacións, advertíndoo dos efectos da falta de emenda. Se o solicitante non emendase en prazo os defectos formais indicados, e sen prexuízo do previsto nos puntos seguintes, será tido por desistido total ou parcialmente da súa petición, salvo que as irregularidades afecten os requisitos formais exixidos para publicar a reprodución gráfica do deseño e se solicitase o adiamento da publicación; en tal caso, aplicarase o previsto no artigo 27.6 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e no artigo 21 deste regulamento. A resolución de desistencia notificaráselle ao solicitante.

3. Se o defecto sinalado fose a falta de pagamento, ou o pagamento incompleto das taxas de solicitude a que se refire o artigo 27.4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e transcorrido o prazo para emendalo non se aboasen as devanditas taxas na súa totalidade, será tida por desistida da solicitude de rexistro respecto daqueles deseños cuxas taxas non fosen totalmente pagadas. Na falta de indicación en solicitudes de rexistro múltiples, as taxas imputaranse aos deseños incluídos nelas seguindo a orde da solicitude.

4. Cando en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, o solicitante non puidese ser titular dun deseño rexistrado en España, o órgano competente farallo saber para que presente as alegacións oportunas, con indicación de que se non o fixese, ou non emendase o defecto en prazo, será tido por desistido da solicitude.

5. Se o número de deseños excedese de 50, o solicitante poderá, para emendar o defecto, retirar os que superen o límite ou dividir a solicitude, desagregando estes últimos de acordo co previsto no artigo 47. Se o solicitante non emenda en prazo, será tido por desistido da solicitude respecto dos deseños que superen o devandito número, seguindo a orde en que aparezan na solicitude.

6. Se na solicitude se reivindicasen prioridades e o solicitante non indicase as mencións a que se refiren as alíneas g) e h) do artigo 1.1, a falta de emenda do defecto

no prazo indicado comportará a perda do dereito de prioridade respecto dos deseños afectados para esa solicitude.

7. O órgano competente examinará tamén, se é o caso, a regularidade formal dos restantes elementos de presentación potestativa enumerados no artigo 21.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e do artigo 1 deste regulamento, comunicándolle ao solicitante os defectos observados na documentación para que os emende no prazo previsto no punto 2 deste artigo. Non producirán efectos os documentos de presentación potestativa afectados de irregularidades que non fosen emendadas en prazo.

Artigo 11. *Notificación conxunta de defectos e prazo de emenda.*

Todos os defectos en que incorrese a solicitude, tanto por incumprimento dos requisitos mencionados no artigo 9 como dos requisitos mencionados no artigo 10, poderanlle ser comunicados ao solicitante conxuntamente polo órgano competente mediante unha única notificación.

Artigo 12. *Confidencialidade.*

Non serán accesibles ao público os expedientes correspondentes a solicitudes de rexistro de deseño que fosen retiradas ou tidas por desistidas en aplicación do previsto nos artigos anteriores. Os órganos competentes para recibir as solicitudes e realizar o exame de forma adoptarán as medidas necesarias para garantir a confidencialidade e o segredo dos correspondentes expedientes.

Artigo 13. *Remisión da solicitude.*

1. A remisión das solicitudes orixinais prevista no artigo 28 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, poderase efectuar por medios electrónicos ou telemáticos nos supostos en que así se dispoña por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio. As condicións xerais e as condicións e características técnicas destas comunicacións fixaranse de acordo co previsto na disposición adicional oitava da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

2. As solicitudes que non tivesen defectos, ou en que estes fosen emendados, serán inmediatamente remitidas á Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. O acordo en virtude do cal unha solicitude fose tida por desistida seralle comunicado á Oficina Española de Patentes e Marcas polo órgano competente da correspondente comunidade autónoma cando sexa firme, salvo que sexa obxecto de recurso; neste caso, ademais do devandito acordo, comunicarase a interposición do recurso, a súa resolución e, se procede, os recursos xurisdiccionais interpostos contra aquela e as sentenzas recaídas.

4. Se unha solicitude múltiple fose tida por desistida parcialmente, só se remitirá cando esa resolución sexa firme en vía administrativa, salvo que por unha división da solicitude presentada ao contestar ao suspenso ou ao interpor o recurso a parte da solicitude que non incorrese en defectos constitúise o obxecto dunha solicitude divisional; en tal caso, remitirase como tal solicitude divisional, conforme o previsto no artigo 47.

CAPÍTULO II

Exame de oficio

Artigo 14. *Alcance do exame de oficio.*

1. Recibida a solicitude de rexistro de deseño, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se o obxecto da solicitude constitúe un deseño en sentido

legal e se non é contrario á orde pública ou aos bos costumes.

2. Tamén examinará se a solicitude presenta algún defecto non percibido en trámites anteriores que imposibilite a publicación do deseño, clasificará os produtos a que se vaia aplicar ou revisará, se é o caso, a clasificación realizada polo solicitante, e verificará se os produtos solicitados en solicitudes múltiples se integran na mesma clase da clasificación internacional, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

Artigo 15. *Motivos de denegación de rexistro.*

1. Se do exame resulta que a solicitude está incurso nalgún dos motivos de denegación previstos no artigo 29.1 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, suspenderase a tramitación e comunicaránselle aqueles ao interesado para que no prazo dun mes presente as súas alegacións, elimine o elemento causante do reparo ou solicite o cambio de modalidade, conforme o disposto nos puntos seguintes.

2. Cando o motivo de denegación consista en que o deseño contén elementos contrarios á orde pública ou aos bos costumes, o solicitante poderá, para emendalo, eliminar o elemento ou elementos causantes do reparo, renunciando aos devanditos elementos.

A renuncia será admitida sempre que, malia a modificación, o deseño solicitado preserve a súa identidade substancial e se presente a reprodución do deseño modificado axustada ao disposto no artigo 4 e no anexo. Se neste caso se aprecia a existencia de defectos que afectan a representación ou que impiden a publicación do deseño tal como foi modificado, a Oficina Española de Patentes e Marcas daralle ao solicitante un novo prazo dun mes para corrixilos, transcorrido o cal, sen prexuízo do previsto no artigo 30.6 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e nos artigos 17 e 21 deste regulamento, terase por non presentada a modificación, denegándose a solicitude de rexistro se a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que persiste o motivo de denegación.

3. Se a causa de denegación se funda en que o solicitado non é un deseño en sentido legal, o solicitante poderá, se o estima conveniente, pedir o cambio de modalidade dentro do prazo previsto para contestar ao suspenso. A Oficina Española de Patentes e Marcas acordará o cambio conforme o solicitado polo interesado, e comunicarlle que dispón dun prazo de dous meses desde a notificación para presentar os documentos da solicitude correspondente á modalidade solicitada. Se a documentación se presenta en prazo, iniciárase a tramitación do expediente na modalidade solicitada. Se o interesado non presentase en prazo a devandita documentación, será tido por desistido da solicitude de cambio de modalidade e denegarase a solicitude de rexistro de deseño.

Artigo 16. *Clasificación de produtos e posibilidade de dividir a solicitude.*

1. Cando do exame realizado non resulten motivos de denegación ou cando estes fosen superados, a Oficina Española de Patentes e Marcas clasificará os produtos a que se vaia aplicar o deseño ou revisará a clasificación realizada polo solicitante segundo o previsto no artigo 3.2 e verificará se nas solicitudes múltiples os produtos pertencen á mesma clase da clasificación internacional.

2. Se a clasificación dos produtos a que se apliquen ou incorporen os deseños comprendidos nunha solicitude múltiple, ou a revisión da realizada polo solicitante, se é o caso, revela que aquela comprende produtos de distintas clases en contravención do previsto no artigo 22 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, comunicaránselle ao solicitante esta circunstancia con indicación dos deseños afectados e as clases de produtos en que se inclúan os que se

indican na solicitude. O solicitante poderá, para eliminar o motivo do suspenso, limitar a lista de produtos ou dividir a solicitude, desagregando da solicitude inicial as referidas a deseños de produtos pertencentes a outras clases.

Se os defectos non se emendan no prazo dun mes, contado desde a comunicación daqueles, continuarase a tramitación respecto do maior grupo de deseños da solicitude múltiple que se refiran a produtos da mesma clase, e se non houbese un grupo maior que outro, continuarase a tramitación respecto do primeiro dos deseños ou grupo de deseños incluídos na solicitude múltiple que se axusten aos límites legais, téndose por desistida a solicitude respecto dos restantes. Notificaráselle ao solicitante a resolución de desistencia para os deseños afectados.

Artigo 17. *Requisitos necesarios para a publicación.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas, antes de ditar resolución de concesión de rexistro, comprobará que se completaron todos os requisitos formais para publicar a reprodución gráfica do deseño, e dará unha nova oportunidade ao solicitante de corrixir, no prazo dun mes, aqueles defectos non percibidos en trámites anteriores que imposibilitasen a mencionada publicación de acordo co previsto na lei. Se o solicitante non corrixise os defectos sinalados no prazo indicado, será tido por desistido da súa solicitude, salvo que na solicitude se pedise o adiamento da publicación conforme o artigo 32 da Lei 20/2003, do 7 de xullo; en tal caso, aplicarase o previsto no artigo 21 deste regulamento.

Artigo 18. *Notificación e emenda conxunta.*

Todos os defectos en que incorrese a solicitude detectados ao realizar o exame de oficio poderán ser comunicados ao solicitante conxuntamente pola Oficina Española de Patentes e Marcas mediante unha única notificación, para a súa emenda no prazo común dun mes, sen prexuízo de prazos especificamente previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 15.

Artigo 19. *Resolución do procedemento de concesión.*

1. Transcorrido o prazo prescrito para contestar á notificación dos motivos de suspenso do procedemento, contestase ou non o solicitante, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá o expediente mediante resolución motivada, acordando a concesión, total ou parcial, ou a denegación do rexistro ou rexistros de deseño, ou tendo por desistida en todo ou en parte a solicitude. A resolución notificaráselle ao solicitante e inscribirse no Rexistro de Deseños, publicándose a mención da devandita resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. A publicación da resolución de denegación ou, se é o caso, de desistencia no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» incluírá unicamente o número do expediente, o nome do solicitante e a data e o sentido do acordo obxecto de publicación.

CAPÍTULO III

Rexistro e publicación

Artigo 20. *Inscripción e publicación do deseño rexistrado.*

1. A resolución de concesión, total ou parcial, inscribirse no Rexistro de Deseños. Xunto coa mención da concesión, e sempre que non se pedise o adiamento da publicación, o deseño ou deseños rexistrados publica-

ranse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Esta publicación comprenderá:

- a) O número do rexistro.
- b) A data do acordo de concesión do rexistro.
- c) O nome completo e o enderezo do seu titular ou titulares e a indicación, neste último caso, do que fose designado na solicitude para recibir as notificacións.
- d) Nome e enderezo profesional do representante, salvo que sexa un empregado do solicitante; neste caso, abondará coa indicación do nome e o cargo na empresa do solicitante. Se houberse varios representantes, unicamente se publicará, seguido da mención «e outros», o nome e o enderezo do representante que, se é o caso, fose designado para recibir as notificacións ou, no seu defecto, do mencionado en primeiro lugar na solicitude.
- e) A data de presentación e o número de expediente, así como o número asignado, se é o caso, a cada un dos comprendidos nas solicitudes múltiples, e a data de recepción da solicitude na Oficina Española de Patentes e Marcas, cando lle fose remitida conforme o disposto no artigo 13.
- f) Cando se reivindicase prioridade unionista ou de exposición, país, número e data da solicitude cuxa prioridade unionista se reivindica ou nome da exposición e data da primeira presentación, e se a prioridade non fose recoñecida ou se modificase nalgún dos seus datos, unha indicación en tal sentido ou a mención do novo dato tal e como quedase modificado.
- g) A representación do deseño ou deseños rexistrados de conformidade co artigo 4 e o anexo; cando a devandita representación ou reprodución for en cor, a publicación farase en cor.
- h) Cando proceda, mención de que se depositou unha descrición en virtude do artigo 1.2.a).
- i) Indicación dos produtos a que se vaian incorporar ou aplicar os deseños, precedidos polo número e agrupados polas clases e subclases da clasificación internacional.
- j) Se procede, a mención do autor ou do equipo de autores.

2. Cando tratándose de solicitudes múltiples só se concedese o rexistro para algúns dos deseños incluídos nelas, a resolución de concesión parcial incluírá a mención dos deseños cuxo rexistro fose denegado ou se retirasen ou tivesen por desistidos, e conterá unicamente, respecto deses deseños, os datos a que se refire o artigo 19.2.

Artigo 21. *Adiamento da publicación.*

1. O adiamento da publicación só poderá pedirse na solicitude. Non se admitirán peticións de adiamento formuladas con posterioridade ou por períodos inferiores ao de 30 meses previsto no artigo 32 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, considerándose toda petición de adiamento neste último caso como formulada por un período de 30 meses. Porén, unha vez rexistrado o deseño, o seu titular poderá solicitar a publicación antes de que expire o período de 30 meses.

2. Nas solicitudes múltiples, o adiamento da publicación poderase referir a todos ou a algúns dos deseños incluídos nelas. Neste último caso, deberase indicar con toda claridade na solicitude os deseños para os cales se solicita o adiamento.

3. Cando se pedise o adiamento da publicación, publicarase a mención do adiamento no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» xunto co nome do titular, ou do representante se o houberse, a data de presentación da solicitude e a de concesión do rexistro e o número de expediente da solicitude. Non será accesible ao público a representación do deseño ou outras informacións que

permitan determinar a aparencia deste, nin o expediente administrativo, mentres non se publicase o deseño rexistrado.

4. Se o solicitante pedise o adiamento da publicación e no curso da tramitación, segundo o previsto nos artigos 27.6 ou 30.6 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, se lle comunicasen irregularidades que afecten exclusivamente os requisitos exixidos para publicar a reprodución gráfica do deseño, o titular do rexistro deberá, polo menos tres meses antes de que expire o período máximo de adiamento, completar os requisitos para proceder á devandita publicación, de acordo co previsto no artigo 4 deste regulamento e no anexo. A Oficina Española de Patentes e Marcas non terá obriga de lle remitir ao titular ou ao seu representante recordatorios para avisalos da expiración do período de adiamento ou do prazo de emenda.

5. Se o titular do deseño rexistrado solicitase a publicación do deseño para unha data anterior á do período máximo de 30 meses, as irregularidades a que se refire o punto anterior deberán ter sido emendadas tres meses antes da data de publicación solicitada. Se o fosen despois dese prazo, a publicación producirase nunha data posterior, tan pronto como sexa posible, sempre que os requisitos formais para publicar a reprodución gráfica do deseño se completasen antes de que expire o prazo previsto no punto anterior.

6. Se o solicitante non emenda as irregularidades de acordo co previsto nos puntos anteriores e o deseño non chega a ser publicado, a Oficina Española de Patentes e Marcas comunicarlle ao titular do rexistro, mediante resolución motivada, as razóns que impidisen a publicación do deseño e as consecuencias da falta de publicación previstas no artigo 32.5 da Lei 20/2003, do 7 de xullo,

7. Os expedientes correspondentes a solicitudes de rexistro de deseño que non cheguen a ser publicados non serán accesibles ao público sen consentimento do solicitante ou do titular do rexistro.

Artigo 22. *Publicación ao remate do adiamento.*

1. Cando o titular cumprise os requisitos que se establecen nos puntos 4 e 5 do artigo anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas, tan pronto como sexa posible tecnicamente, deberá levar a cabo a publicación do deseño rexistrado coas informacións mencionadas no artigo 20.1 deste regulamento, ademais de indicar que a solicitude inicial contiña unha petición de adiamento da publicación consonte o previsto no artigo 32 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

2. A publicación que sexa consecuencia da estimación do recurso contra a resolución denegatoria da publicación, a que se refire o artigo 21.6, producirase tan pronto como sexa tecnicamente posible unha vez resolto aquel.

Artigo 23. *Expedición do certificado de rexistro.*

Tras a publicación do deseño rexistrado, a Oficina Española de Patentes e Marcas expedirá o certificado-título de rexistro do deseño, en que figurarán os seguintes elementos:

- a) O número de rexistro.
- b) O nome do titular ou dos titulares e o seu enderezo.
- c) A representación gráfica do deseño e a mención, se é o caso, de que se depositou unha descrición segundo o previsto no artigo 1.2.a).
- d) A data de presentación da solicitude, de concesión do rexistro e, se é o caso, da prioridade ou prioridades recoñecidas.
- e) A lista de produtos a que se aplica o deseño cos símbolos da clasificación internacional.

f) En caso de rexistros múltiples, a relación dos rexistrados.

O titular poderá solicitar que se lle expidan copias do título, certificadas ou non, logo de pagamento da taxa correspondente.

TÍTULO III

Procedementos de oposición

Artigo 24. *Presentación e fundamento das oposicións.*

1. O prazo para a presentación de oposicións será de dous meses, contados desde a data en que teña lugar a publicación do deseño rexistrado no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. As oposicións ao rexistro do deseño só se poderán fundar nalgún dos motivos previstos no artigo 33 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

Artigo 25. *Contido do escrito de oposición.*

1. O escrito de oposición deberase presentar por duplicado, dirixido á Oficina Española de Patentes e Marcas, e nel deberán figurar os seguintes datos:

- a) O número de rexistro.
- b) O nome e o enderezo da persoa que formula a oposición.
- c) No caso de que actúe por medio de representante, o nome e enderezo profesional deste, así como o poder correspondente, salvo que se trate dun empregado do solicitante.
- d) O motivo ou os motivos, de entre os previstos no artigo 33 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, en que se fundamenta a oposición. Se a oposición se basea nalgún dos motivos previstos no artigo 33.2 citado, o opoñente deberá, ademais, respecto deses motivos, indicar o título en que basea a súa lexitimación para opoñerse e achegar a proba deste.
- e) As razóns alegadas en apoio das súas pretensións.
- f) A sinatura do interesado ou do seu representante.
- g) O xustificante do pagamento da taxa de oposición.

2. O escrito de oposición poderá ir acompañado dos documentos e probas complementarias que se consideren pertinentes para acreditar os feitos ou a titularidade e vixencia dos dereitos anteriores en que se fundamenta a oposición ao deseño rexistrado. Estes documentos e probas poderanse presentar co escrito de oposición ou con posterioridade a este, pero sempre antes da data en que se dese traslado da oposición ao solicitante.

3. Non se poderá formular oposición nun só procedemento contra distintos rexistros, salvo que estes estean agrupados nunha única solicitude múltiple.

Artigo 26. *Non-admisión e desistencia da oposición.*

1. O escrito de oposición non se admitirá:
 - a) Cando non se presentase dentro do prazo previsto no artigo 24.1.
 - b) Cando non se aboase a taxa de oposición.
 - c) Cando non permitise identificar inequivocamente o deseño rexistrado contra o cal se formula a oposición, a identidade do opoñente ou do seu representante ou o motivo en que se funde a oposición, ou cando ningún dos invocados como fundamento daquela se encontre entre os referidos no artigo 33 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

2. No suposto previsto nas alíneas b) e c) anteriores, daráselle ao opoñente a oportunidade de emendar os defectos ou presentar alegacións no prazo de 10 días, e non se admitirá a oposición se aqueles persistisen ao termo do devandito prazo.

3. Se o escrito de oposición non se axusta aos demais requisitos previstos no artigo 25.1, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle as irregularidades observadas ao opoñente para que no prazo de 30 días as emende. Se non se emendasen as devanditas irregularidades no prazo prescrito, terase por desistida a oposición.

Artigo 27. *Traslado e contestación ás oposicións presentadas.*

1. Admitido a trámite o escrito de oposición e emendadas, se é o caso, as irregularidades, daráselle traslado inmediato do escrito da oposición e, se é o caso, dos documentos e probas presentados posteriormente a que se refire o artigo 25.2 deste regulamento ao titular do deseño rexistrado para que presente as súas alegacións no prazo de dous meses e, cando proceda, modifique o deseño nos casos e baixo as condicións previstas no artigo 35.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

2. Se o titular modifícase o deseño segundo o previsto no punto anterior, deberá xuntar por duplicado unha nova representación do deseño e unha descrición modificada en consecuencia se se presentase, axustada ao establecido no artigo 4 e no anexo.

Artigo 28. *Exame e resolución das oposicións.*

1. Unha vez recibida a contestación ás oposicións, ou transcorrido o prazo para facelo, a Oficina Española de Patentes e Marcas ditará resolución motivada estimando en todo ou en parte ou desestimando as oposicións presentadas.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas desestimarán, mediante resolución motivada, as oposicións presentadas cando considere que o deseño rexistrado non incorre en ningún dos motivos de oposición invocados, ou cando, nos supostos a que se refire o artigo 35.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, o titular do deseño presente, coas súas alegacións, unha nova representación e, se é o caso, descrición do deseño que, suprimindo o elemento que motivou a oposición, elimine o fundamento desta, sempre que o devandito deseño manteña, malia a modificación, a súa identidade substancial.

3. Se o titular do rexistro modifícase o deseño, segundo o previsto no punto anterior, e a representación achegada non se axustase aos requisitos previstos no anexo, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle ao interesado os defectos observados para que os corrixa nun prazo que non poderá exceder dun mes. Transcorrido o prazo sen que estes defectos fosen emendados, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá a oposición no sentido que proceda, sen ter en conta as modificacións achegadas.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas estimará, mediante resolución motivada, as oposicións cando considere que o deseño rexistrado está incurso nalgún dos motivos de denegación de rexistro invocados como fundamento daquelas ou cando, malia ter sido eliminado o elemento que motivou a oposición nos supostos a que se refire o artigo 35.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, o deseño rexistrado, tras a modificación proposta, non preserve a súa identidade substancial.

5. A Oficina Española de Patentes e Marcas estimará parcialmente a oposición formulada contra varios deseños obxecto dun rexistro múltiple cando as circunstancias previstas no punto anterior concorran só respecto dalgún ou dalgúns dos deseños obxecto daquela.

Artigo 29. *Anotación da resolución e inscricións no Rexistro de Deseños.*

1. No Rexistro de Deseños anotarase a interposición das oposicións e a identidade dos opoñentes, así como a súa estimación ou desestimación.

2. Se o deseño rexistrado resultase modificado durante o procedemento de oposición, farase referencia a esta circunstancia e inscribírase a representación do deseño modificado e a mención, se é o caso, de que se presentou a descrición modificada a que se refire o artigo 27.2.

3. A estimación da oposición comportará a inscrición da cancelación do rexistro do deseño ou deseños afectados no Rexistro de Deseños.

Artigo 30. *Publicación da resolución das oposicións.*

1. No «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» publicarase unha mención da resolución dos procedementos de oposición e o sentido daquela.

2. Se o rexistro do deseño, ou dos deseños impugnados no caso de rexistros múltiples, fose cancelado por estimarse algunha das oposicións presentadas, farase mención expresa desta circunstancia e da data en que se anotase no Rexistro de Deseños a mencionada cancelación.

3. Se se modificase o deseño como consecuencia do procedemento de oposición, publicarase tamén a reprodución do deseño modificado, xunto coas indicacións referidas ao «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» que permitan identificar a primeira publicación.

Artigo 31. *Acumulación dos procedementos.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá, se o estima conveniente, acumular todos ou algúns dos procedementos de oposición referidos ao mesmo deseño, de acordo co disposto no artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para efectos da súa resolución conxunta.

TÍTULO IV

Renovación

Artigo 32. *Presentación e contido da solicitude de renovación.*

1. A solicitude de renovación, presentada conforme o disposto no artigo 44 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, poderase formular nos impresos normalizados que para tal efecto se establezan e deberá incluír:

a) Unha indicación de que se solicita a renovación do deseño.

b) Se a solicitude fose presentada polo titular do deseño, unha indicación do seu nome e enderezo, conforme o disposto no artigo 1.1.b).

c) Se a solicitude fose presentada por un habente-dereito do titular do deseño, o seu nome e enderezo, conforme o disposto no artigo 1.1.b).

d) No caso de que designase representante, o seu nome e enderezo, conforme o previsto no artigo 1.1.f).

e) O número de rexistro cuxa renovación se solicita. Se é o caso, indicación de que se solicita a renovación de todos os deseños incluídos nun rexistro múltiple ou, en caso de que non se solicite para todos, a indicación dos deseños da solicitude múltiple cuxa renovación se solicita.

f) A sinatura do solicitante da renovación ou do seu representante.

2. Coa solicitude de renovación deberase achegar o xustificante do pagamento da taxa de renovación, segundo o número de rexistros obxecto de renovación incluídos na solicitude, e, se é o caso, as recargas que procedan, segundo o previsto no artigo 44.3 e 4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

Artigo 33. *Renovación solicitada por habentes-dereito.*

1. Cando a renovación do rexistro sexa solicitada por un habente-dereito do titular, indicárase esta circunstancia na solicitude, e acreditarase tal condición no correspondente expediente de cambio de titularidade. A solicitude de renovación poderase presentar previamente á solicitude de cambio de titularidade, simultaneamente ou con posterioridade a esta. Na solicitude de renovación indicárase o número do expediente de cambio de titularidade ou, se este non fose coñecido, a data da súa presentación ou a intención de presentalo proximamente.

2. O procedemento de renovación quedará en suspenso ata a resolución do expediente de cambio de titularidade. Se a solicitude de cambio de titularidade non fose presentada, como máis tarde, antes da finalización dos prazos que estipula o artigo 44.3 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, a solicitude de renovación será denegada.

Artigo 34. *Procedemento de renovación.*

1. Se a solicitude de renovación é presentada dentro dos prazos indicados no artigo 44.3 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, pero non cumpre algún dos requisitos fixados na devandita lei ou neste regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas declarará en suspenso a tramitación e notificaralle ao solicitante as irregularidades observadas para que as emende no prazo dun mes, contado desde a publicación da devandita suspensión no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. Se a solicitude non presentase irregularidades ou estas fosen emendadas no prazo prescrito, acordarase a renovación do rexistro do deseño e expedirase o correspondente título de renovación. O acordo de renovación publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

3. Se as irregularidades non fosen emendadas en prazo, a solicitude de renovación será denegada. Non obstante, se a irregularidade consistise no pagamento insuficiente das taxas de renovación ou das recargas correspondentes aos deseños incluídos en solicitudes múltiples, concederase a renovación para os deseños cuxa taxa de renovación, incluídas as recargas, fose totalmente pagada. En defecto de indicación expresa do solicitante, as taxas aplicaríanse aos deseños seguindo a orde en que aparezan na solicitude de renovación ou, no seu defecto, no rexistro de deseños.

4. O reembolso da taxa de renovación previsto no artigo 44.6 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, acordarase na propia resolución de denegación da renovación, pero só se aborará cando a devandita resolución sexa firme e por solicitude do interesado.

Artigo 35. *Caducidade por falta de renovación.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas declarará a caducidade do rexistro de deseño cando a solicitude de renovación non fose presentada nos prazos previstos no artigo 44.3 da Lei 20/2003, do 7 de xullo. Tamén se declarará a caducidade do rexistro de deseño cando, tendo sido denegada a renovación solicitada, transcorresen os devanditos prazos sen que o interesado presentase unha nova solicitude de renovación en debida forma.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará a declaración de caducidade no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e cancelará o rexistro do deseño ou deseños afectados.

Artigo 36. Aviso da expiración do rexistro do deseño.

Dentro dos seis meses anteriores á expiración do rexistro do deseño, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderalle comunicar ao seu titular, para efectos meramente informativos, o próximo vencemento do período de vixencia. A falta de notificación non afectará a expiración do rexistro nin prolongará o prazo para efectuar a renovación.

TÍTULO V

Transmisións, licenzas e outras modificacións de dereitos

CAPÍTULO I

Solicitudes de inscrición

Artigo 37. *Contido da solicitude de inscrición de transmisións.*

1. A petición para inscribir a transmisión dun rexistro de deseño ou da súa solicitude, presentada de conformidade co previsto no artigo 64.1 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, poderase formular nos impresos normalizados que para tal efecto se establezan e incluírá as seguintes indicacións:

- O nome e enderezo do solicitante ou do titular do deseño rexistrado.
- O nome e enderezo do novo titular, conforme o disposto nas alíneas b) e c) do artigo 1.1.
- Cando o solicitante da inscrición da transmisión actúe por medio de representante, nome e enderezo deste, conforme o previsto no artigo 1.1.f).
- Indicación do documento ou acto acreditativo da transmisión.
- Número do rexistro ou solicitude de rexistro de deseño que se transmite. No caso de que non todos os deseños obxecto dunha solicitude ou rexistro múltiple estean incluídos na transmisión, a indicación dos que constitúen obxecto daquela.
- Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. A solicitude de inscrición de transmisión deberase presentar acompañada dos seguintes documentos:

- Documento acreditativo da transmisión conforme o previsto nos puntos 2 e 3 do artigo 63 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.
- Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

3. A solicitude de inscrición de transmisión podería comprender varios rexistros ou solicitudes de rexistro de deseño, sexan estes independentes ou integrados en solicitudes múltiples, a condición de que o titular rexistral anterior e o novo titular sexan os mesmos para cada un dos rexistros ou solicitudes afectados.

4. Cando o documento acreditativo da transmisión sexa algún dos previstos no artigo 63.2.c) da Lei 20/2003, do 7 de xullo, estes poderán consistir nos impresos normalizados que para tal efecto se establezan.

Artigo 38. *Transmisión parcial.*

Cando a transmisión afecte só a parte dos deseños incluídos nunha solicitude ou rexistro múltiple, na solicitude de inscrición da transmisión deberán especificarse os deseños obxecto desta.

Se conforme o previsto no artigo 22.4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, se solicitase a división da solicitude ou do rexistro múltiple, o interesado que pida a desagregación deberá xuntar, respecto dos deseños afectados, a documentación prevista no artigo 47.3 deste regulamento.

Artigo 39. *Contido da solicitude de inscrición de licenzas.*

1. A solicitude de inscrición de licenzas que afecten a solicitude ou o rexistro do deseño ou deseños, presentada segundo o previsto no artigo 64.1 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, poderase formular nos impresos normalizados que para tal efecto se establezan.

2. A solicitude de inscrición da licenza deberá incluír as mencións contidas no artigo 37.1 deste regulamento e presentarse acompañada dos documentos recollidos no punto 2 do devandito artigo, aínda que referidos ao contrato de licenza e ao outorgante e titular da licenza.

3. Cando o documento acreditativo da licenza sexa algún dos previstos no artigo 63.2.c) da Lei 20/2003, do 7 de xullo, estes poderán consistir en impresos normalizados establecidos para o efecto.

4. Na solicitude de inscrición da licenza indicarse, ademais dos deseños obxecto daquela, se é exclusiva ou non, así como as eventuais limitacións do contrato en canto á súa duración, modalidade de explotación, ámbito territorial ou aplicacións. Tamén se deberá indicar se o titular da licenza pode ceder a licenza a terceiros ou conceder sublicenzas. No caso de que na solicitude de inscrición non se indicase algún dos extremos mencionados, a licenza inscribirase consonte as presuncións legais establecidas no artigo 60 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

Artigo 40. *Inscrición doutros dereitos.*

A solicitude de inscrición no rexistro de deseños dos demais actos e dereitos inscristibles a que se refire o artigo 59.1 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, agás a hipoteca mobiliaria, que se rexerá polas súas disposicións específicas, axustarase aos requisitos e condicións previstos nos artigos 37 e 38 deste regulamento debidamente adecuados á natureza do acto ou dereito que se vai inscribir. A solicitude de inscrición de opción de compra ou constitución de dereitos reais deberá, ademais, acompañarse de documento público, conforme o previsto no artigo 63.4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

No suposto de inscrición de embargos ou outras medidas de execución forzosa, ou cando o deseño rexistrado estea afectado por un procedemento de quebra ou similar, a solicitude de inscrición no Rexistro de Deseños, presentada pola autoridade competente, non estará suxeita ao pagamento de taxas.

CAPÍTULO II

Procedemento

Artigo 41. *Procedemento de inscrición.*

1. Recibida a solicitude de cambio de titularidade ou de calquera outra modificación de dereitos, o órgano competente procederá conforme o previsto no artigo 64.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e expediralle ao solicitante o recibo acreditativo da presentación de acordo co previsto no artigo 6.5 e 6 deste regulamento. Cando se emita recibo de presentación, farase constar neste o número do expediente, o rexistro ou rexistros afectados, a natureza do acto que se vai inscribir, o número de documentos presentados e o lugar, día, hora e minuto de presentación.

2. O órgano competente da comunidade autónoma que reciba a solicitude procederá conforme o previsto no artigo 6.7, e a Oficina Española de Patentes e Marcas, unha vez recibidos os datos da solicitude, efectuará as anotacións pertinentes.

3. O órgano competente examinará a documentación presentada conforme o previsto no artigo 64.3 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e se observase algunha irregularidade formal, comunicaralla ao solicitante, outorgándolle o prazo dun mes para a súa emenda, téndose por desistida a solicitude se as irregularidades non fosen emendadas en prazo. De non existir irregularidades, ou unha vez corrixidas, o expediente remitirase á Oficina Española de Patentes e Marcas, notificándollo ao solicitante.

4. Recibida a solicitude de inscrición, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará a documentación presentada e cualificará a legalidade, validez e eficacia dos actos que teñan que se inscribir. Se observase algún defecto, suspenderá a tramitación do expediente, notificándollo ao solicitante para que no prazo dun mes, contado desde a publicación da suspensión no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», os emende ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude de inscrición.

5. Cando o órgano competente para recibir a solicitude fose a Oficina Española de Patentes e Marcas, os exames recollidos nos puntos 3 e 4 anteriores poderanse efectuar conxuntamente, e no caso de se observaren irregularidades ou defectos, comunicarse estes ao solicitante mediante unha única notificación de suspensión do expediente, cos efectos previstos no punto anterior.

6. A Oficina Española de Patentes e Marcas non inscribirá transmisións a favor de persoas físicas ou xurídicas que, conforme o disposto no artigo 4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, non poidan ser titulares de deseños.

Artigo 42. *Cancelación e modificación da inscrición de licenzas e outros dereitos.*

1. A inscrición de licenzas e dos actos e dereitos a que se refire o artigo 40 cancelaranse por petición dunha das partes.

2. A solicitude de cancelación conterà as seguintes indicacións:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Número do expediente baixo o cal se inscribiu o dereito que se pretende cancelar.
- c) Número da solicitude ou rexistro de deseño afectado polo dereito que se ha de cancelar.
- d) Indicación do dereito que se solicita cancelar.
- e) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. A solicitude de cancelación deberase presentar acompañada dos seguintes documentos:

- a) Documento público acreditativo da extinción do dereito ou declaración asinada polo licenciario ou titular do dereito consentido na cancelación da inscrición.
- b) Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

4. A solicitude de cancelación presentarase e tramitarase conforme o procedemento de inscrición previsto nos artigos 64 da Lei 20/ 2003, do 7 de xullo, e 41 deste regulamento.

5. Os puntos 2, 3 e 4 serán de aplicación, coas modificacións que procedan en atención á súa distinta natureza, ás solicitudes de modificación das inscricións dos actos e dereitos a que se refire o punto 1. Toda solicitude de modificación da inscrición dun destes actos ou derei-

tos deberá ir acompañada do documento público acreditativo da devandita modificación ou da declaración asinada polo titular da licenza ou do dereito de que se trate consentido naquela.

Artigo 43. *Renuncia ao deseño rexistrado.*

1. O escrito de renuncia a que se refire o artigo 74.1 da lei deberá incluír:

- a) Unha indicación de que se renuncia ao deseño ou deseños obxecto dela e a identificación destes mediante o seu número de rexistro.
- b) O nome e enderezo do seu titular conforme o disposto no artigo 1.1.b).
- c) Se se designase representante, o seu nome e enderezo conforme o previsto no artigo 1.1.f).
- d) A sinatura do titular do deseño ou deseños afectados ou do seu representante.

2. A renuncia poderase referir a todos ou algúns dos deseños rexistrados nunha solicitude múltiple, identificados segundo o previsto na alínea a) do punto anterior.

3. Cando, consonte o previsto no artigo 74.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, sexa preciso para aceptar a renuncia que conste o consentimento do titular dalgún dereito inscrito sobre o deseño rexistrado ou solicitado, abonará con lle xuntar á renuncia unha declaración asinada polo devandito titular do dereito ou polo seu representante aceptando a devandita renuncia.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a renuncia cumpre os requisitos e condicións establecidos na Lei 20/2003, do 7 de xullo, e neste regulamento. Se se detectasen irregularidades, suspenderase a tramitación, e notificaránselle ao interesado para que as corrixa ou formule as súas alegacións no prazo dun mes desde a publicación da suspensión no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Se transcorrido o devandito prazo persistiren os defectos sinalados, denegarase a inscrición da renuncia.

5. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará o acordo de aceptación da renuncia no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e cancelaranse o rexistro ou os rexistros de deseño afectados pola renuncia.

TÍTULO VI

Disposicións xerais sobre os procedementos

CAPÍTULO I

Modificacións da solicitude ou do rexistro

Artigo 44. *Requisitos e práctica das modificacións.*

1. Os escritos que, conforme o previsto no artigo 37 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, teñan por obxecto retirar, modificar ou rectificar a solicitude, renunciar a algún dos deseños obxecto de solicitudes múltiples ou limitar os produtos deberán identificar o número da solicitude a que se refiren as modificacións, o nome e enderezo do solicitante ou titular e o do seu representante, se é o caso, conforme o previsto nas alíneas b) e f) do artigo 1.1 deste regulamento, o elemento que deba ser modificado e a versión modificada do devandito elemento, a sinatura do interesado ou do seu representante e o xustificante do pagamento da taxa de modificación.

2. Se non se cumprisen os requisitos previstos na lei e neste regulamento para a modificación da solicitude ou dos datos rexistrados, notificaránselle ao solicitante as irregularidades ou os reparos observados, e se non se emendasen no prazo de 10 días, a solicitude de modificación terase por desistida.

3. A petición de modificación presentárase ante o órgano que nese momento estea tramitando a solicitude de rexistro do deseño. Cando a modificación ou rectificación fose acordada polo órgano competente da comunidade autónoma, este comunicáralle á Oficina Española de Patentes e Marcas, no prazo de cinco días contados desde a adopción do acordo, os datos da solicitude tal como quedasen modificados. A Oficina Española de Patentes e Marcas anotará as modificacións no expediente e nos correspondentes asentamentos rexistrados.

4. Soamente se admitirán as modificacións do deseño nos supostos e baixo as condicións establecidas nos artigos 30.3 e 35.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, levadas a cabo durante os procedementos de rexistro e de oposición, e axustaranse ao disposto neles.

Artigo 45. *Corrección de erros.*

1. As faltas de expresión ou transcripción ou os erros materiais contidos na solicitude, en asentamentos rexistrados ou en calquera documento dirixido á Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente da comunidade autónoma poderán ser rectificadas a pedimento do interesado. Cando a petición de rectificación afecte algún dos elementos previstos no artigo 21 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, ou calquera outro dato relativo á titularidade dos dereitos solicitados ou inscritos, a rectificación deberá ser de tal natureza que resulte evidente que o único texto que podería ter sido proposto polo interesado é o rectificado, e será admitida sempre que non contraveña outras disposicións da Lei 20/2003, do 7 de xullo, ou deste regulamento. A Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente poderán exixir probas adicionais cando dubiden, razoablemente, de que a rectificación solicitada constitúe efectivamente un erro.

2. Cando nas resolucións, asentamentos rexistrados ou nas publicacións legalmente previstas se cometese algunha falta ou erro imputable á Oficina Española de Patentes e Marcas, esta corríxirao de oficio ou a pedimento do interesado, sen que neste caso a petición de corrección estea suxeita ao pagamento de taxa ningunha.

3. A solicitude de corrección de erros poderá comprender varias solicitudes ou rexistros da mesma persoa, cando o erro ou falta e a corrección solicitada sexan os mesmos. Neste caso, teranse que indicar os números de todas as solicitudes ou rexistros que se deban rectificar, aboándose a taxa correspondente por cada unha das solicitudes ou rexistros afectados.

Artigo 46. *Cambio de nome ou enderezo do interesado ou o seu representante.*

1. Cando non haxa cambio na persoa do solicitante ou do titular do rexistro, pero si no seu nome ou enderezo, ou nos do seu representante, inscribírase o devandito cambio no Rexistro de Deseños por solicitude dos interesados. Estas solicitudes deberán incluír:

- O número da solicitude ou do rexistro do deseño.
- O nome ou enderezo do solicitante do deseño ou do seu titular, tal como figuren no Rexistro de Deseños.
- A indicación do novo nome ou enderezo do solicitante ou titular do deseño, tal como teña que se inscribir no Rexistro de Deseños tras o cambio producido.
- Se se designase representante, o nome e enderezo deste, conforme o previsto no artigo 1.1.f).
- A sinatura do interesado ou a do seu representante, segundo proceda.
- O xustificante do pagamento da taxa correspondente, cando proceda.

A Oficina Española de Patentes e Marcas poderalle pedir ao interesado a presentación das probas que acrediten o cambio cuxa inscrición se solicita.

2. Poderanse agrupar nunha única solicitude de cambio de nome ou enderezo todos os rexistros ou solicitudes que pertencen ao interesado. Neste caso, teranse que indicar os números de todas as solicitudes ou rexistros afectados, aboándose a taxa correspondente por cada un deles.

3. As previsións establecidas no artigo 44 serán tamén de aplicación aos cambios previstos neste artigo en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza ou contrario ao disposto nel.

4. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación, conforme a súa propia natureza, aos cambios de nacionalidade do solicitante ou do titular do deseño, ou do Estado en que teña o seu domicilio, sede ou establecemento.

CAPÍTULO II

División da solicitude

Artigo 47. *Solicitude e procedemento.*

1. O solicitante dun rexistro múltiple poderá pedir a división da solicitude para emendar irregularidades cando a devandita solicitude múltiple non se axuste aos límites establecidos no artigo 22.1 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, nos supostos a que se refiren o artigo 10.5 e o artigo 16.2 deste regulamento.

Tamén procederá a división da solicitude ou do rexistro múltiple cando o pida o solicitante no caso previsto no artigo 13.4 deste regulamento ou, a pedimento de calquera das partes, cando se produza un cambio de titularidade, segundo o previsto no artigo 22.4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, respecto dos deseños afectados.

2. A solicitude de división presentárase ante o órgano que nese momento a estivese tramitando, ou ante a Oficina Española de Patentes e Marcas cando o expediente lle fose remitido en aplicación do artigo 28 da Lei 20/2003, do 7 de xullo. A solicitude de división dunha solicitude ou dun rexistro múltiple resultante dun cambio de titularidade dalgún ou dalgúns dos deseños rexistrados presentárase, conforme quen sexa o solicitante e a súa elección, ante o órgano competente para recibir a solicitude de inscrición de transferencia ou ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Para cada solicitude divisional do rexistro múltiple nos casos a que se refire o artigo 22.4 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, presentárase instancia separada, que poderá consistir en impresos normalizados establecidos para o efecto, en que figurará o nome do solicitante da división e o do seu representante, se o houbese, os deseños que se desexan desagregar da solicitude inicial e integrar na solicitude divisional correspondente, o suposto legal en que se basea a solicitude divisional e, se esta resulta dun cambio de titularidade, o número do expediente de transferencia que o acredite.

Nos demais casos a que se refire o punto 1, cada instancia de división irá acompañada das correspondentes solicitudes de segregación, coas mencións, requisitos ou documentos que exixen os artigos 1 a 4, en que se indicará, ademais, o seu carácter divisional e o número e data de presentación da solicitude inicial de que se desagrega.

O xustificante do pagamento da taxa de solicitude a que se refire o artigo 5 será substituído para as solicitudes divisionais polo xustificante de pagamento da taxa de división.

4. A solicitude divisional non poderá incluír elementos que non estivesen comprendidos na solicitude inicial de que se desagreue.

5. Recibida a solicitude de división, o órgano competente examinará se cumpre os requisitos exixidos nos puntos anteriores e no artigo 38 da Lei 20/2003, do 7 de xullo. Se se observasen defectos ou irregularidades, notificaránselle ao solicitante para que no prazo dun mes os emende ou presente alegacións. Se os defectos non fosen emendados, a división terase por desistida, continuándose, en cada caso, a tramitación do expediente inicial conforme o previsto nos artigos que se mencionan no punto 1 deste artigo. Mentres dure o procedemento de división, o de rexistro quedará en suspenso, segundo o disposto no artigo 40.3 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

6. Acordada a división da solicitude múltiple, o órgano competente abrirá un novo expediente por cada solicitude divisional presentada, asignándolle un novo número e os símbolos indicativos da solicitude orixinaria de que procede, e efectuando as anotacións rexistras pertinentes.

CAPÍTULO III

Restablecemento de dereitos

Artigo 48. *Petición de restablecemento.*

1. A solicitude para o restablecemento dun dereito deberase presentar no prazo de dous meses contados desde o cesamento do impedimento, e só será admisible durante un ano a partir da expiración do prazo incumprido. A solicitude presentárase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou o órgano competente da comunidade autónoma fronte ao cal se incumprise o prazo determinante da perda do dereito.

2. A solicitude de restablecemento deberá incluír:

- Nome e enderezo do solicitante ou titular do dereito cuxo restablecemento se solicita.
- Nome e enderezo do representante, se é o caso.
- Prazo ou trámite incumprido.
- Se procede, acordo e data da extinción do dereito e da súa publicación ou notificación.
- Data de cesamento do impedimento.
- Motivos do incumprimento, xustificación, probas e alegacións en apoio da pretensión.
- Sinatura do interesado ou do seu representante.
- Xustificante do aboamento da taxa de restablecemento de dereitos.

3. Coa solicitude de restablecemento do dereito deberase cumprir o trámite omitido, xuntándose a formalización do acto ou a solicitude, escrito ou documentación que se omitiu no seu día no devandito trámite e cuxa ausencia determinou a perda do dereito.

Artigo 49. *Exame e resolución da solicitude.*

1. O órgano competente examinará se a solicitude de restablecemento do dereito cumpre os requisitos previstos no artigo anterior e no artigo 39.2 da lei, e se o acto ou trámite omitido foi debidamente cumprido en todas as súas formalidades ao presentarse a solicitude de restablecemento.

2. Se se observase algunha irregularidade ou defecto na documentación presentada, tanto respecto da solicitude de restablecemento como do cumprimento do trámite omitido, comunicaráselle estes ao solicitante para que no prazo de 10 días os emende ou presente as súas alegacións. O órgano competente resolverá, e terase por desistida a solicitude de restablecemento se persisten as irregularidades ou defectos non corrixidos en prazo.

3. Cando na documentación presentada non se observasen irregularidades ou defectos, ou cando estes fosen emendados, o órgano competente examinará se conforme o disposto nos puntos 1 e 5 do artigo 39 da Lei 20/2003, do 7 de xullo:

- Se acreditou a dilixencia debida nas circunstancias do caso.
- O prazo incumprido é susceptible de restablecemento.

Efectuado o exame citado anteriormente, o órgano competente resolverá, estimando ou desestimando o restablecemento do dereito. A mención da resolución de restablecemento de dereitos publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» ou no órgano que para efectos de publicidade sexa prevista pola comunidade autónoma correspondente, no caso de que sexa esta a competente para coñecer da solicitude de restablecemento de dereitos.

4. O prazo para interpoñer os recursos a que se refire o artigo 39.8 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, correrá desde a data de publicación do deseño rexistrado, se a mención da resolución de restablecemento se publicase con anterioridade, ou desde a publicación desta última, se fose posterior á publicación do deseño rexistrado. Xunto co escrito de recurso, deberánse xuntar os documentos que acrediten que o recorrente se pode prevaler das disposicións contidas nos puntos 6 e 7 do artigo 39 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

No caso previsto no artigo 39.6 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, o recurso a que se refire o punto 8 do devandito artigo só se poderá fundar no incumprimento das condicións establecidas nos puntos 1, 2, 3 e 5 do artigo 39 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, para restablecer no seu dereito ao solicitante ou ao titular do deseño.

5. Cando o órgano competente para resolver a solicitude de restablecemento de dereitos sexa un órgano autonómico, este comunicarálle á Oficina Española de Patentes e Marcas a presentación da solicitude e a resolución definitiva que adopte.

CAPÍTULO IV

Rexistro de deseños e información ao público

Artigo 50. *Inscripcións no Rexistro de Deseños.*

1. No Rexistro de Deseños, que se poderá levar en forma de base de datos electrónica, inscribíranse as seguintes mencións:

- A data de presentación da solicitude e, se se reivindicasen prioridades, as indicacións relativas á prioridade ou prioridades unionistas ou de exposición reivindicadas.
- O número da solicitude de rexistro e o asignado nelas a cada un dos deseños individuais incluídos nas solicitudes múltiples.
- O nome, o enderezo e a nacionalidade do solicitante ou titular do rexistro e o do Estado en que teña o seu domicilio, a súa sede ou o seu establecemento.
- O nome e enderezo profesional do representante, salvo que sexa un empregado do solicitante; en tal caso, abondará coa indicación do nome e o cargo na empresa do solicitante. Cando haxa varios representantes, abondará con que se inscriba o citado en primeiro lugar, seguido dos termos «e outros».
- A representación gráfica do deseño ou dos deseños solicitados ou rexistrados.
- A indicación dos produtos polos seus nomes, agrupados polas clases e subclases da clasificación internacional.

g) A indicación, se é o caso, de que se trata dunha solicitude divisional e a data de presentación e número da solicitude ou rexistro de que proceda.

h) A data do acordo de desistencia da solicitude e da publicación da mención tendo por desistida a solicitude, se é o caso.

i) A data do acordo de concesión ou denegación de rexistro e da súa publicación.

j) A data de inscrición dos deseños no rexistro e número de rexistro.

k) A data de publicación dos deseños rexistrados.

l) A mención de calquera petición de adiamento da publicación e, se é o caso, a do vencemento do período máximo de adiamento.

m) Os datos relativos ás oposicións presentadas e á interposición e resolución dos recursos administrativos e xurisdicionais.

n) Os datos relativos á subscripción dun convenio arbitral, ao laudo que recaia e, se é o caso, aos recursos interpostos contra este, e ás resolucións adoptadas en relación con eles.

ñ) Se procede, a mención do deseñador ou equipo de deseñadores, ou da declaración de que renunciaron a que se citen os seus nomes.

o) A mención de que se depositou a descrición prevista no artigo 21.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, cando proceda.

2. Ademais das inscricións a que se refire o punto anterior, no Rexistro de Deseños anotarase, indicando sempre a data de inscrición:

a) Os cambios do nome, enderezo ou nacionalidade do titular do deseño, ou do Estado en que teña o seu domicilio, sede ou establecemento.

b) Os cambios do nome ou do enderezo profesional do representante, salvo cando se trate do representante a que se refire o artigo 56.3 do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo.

c) En caso de que se designe un novo representante, o seu nome e enderezo profesional.

d) A mención de que unha solicitude ou un rexistro múltiple foi dividido en solicitudes ou rexistros independentes, con referencia aos expedientes ou rexistros desagregados.

e) Toda modificación do deseño admitida como consecuencia do procedemento de concesión ou do de oposición, conforme o previsto nos artigos 30.3 e 35.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, e, se procede, referencia á renuncia parcial efectuada.

f) A cancelación do deseño como consecuencia da estimación dunha oposición ou dun recurso.

g) A presentación das demandas de reivindicación de titularidade e a sentenza firme ou calquera outra forma de terminación de procedementos iniciados a partir das devanditas demandas.

h) As solicitudes de transmisión total ou parcial da solicitude ou do rexistro, e a data de denegación ou concesión da inscrición de cambio de titularidade.

i) A constitución, modificación ou cesión dun dereito real e a data da denegación ou concesión da inscrición. No caso dunha hipoteca mobiliaria, anotarase a data da súa inscrición no rexistro de bens mobles.

j) As medidas de execución forzosa e os procedementos de quebra ou análogos.

k) As solicitudes de inscrición, modificación ou cesión de licenzas e a data de denegación ou concesión da súa inscrición.

l) As solicitudes de cancelación das inscricións mencionadas nas alíneas i), j) e k) e a data de inscrición da súa cancelación.

m) A solicitude de renovación do rexistro e a súa data de concesión ou denegación e publicación.

n) A renuncia do rexistro e da súa cancelación.

ñ) A data do acordo de caducidade por falta de renovación e da súa publicación.

o) As demandas polo exercicio de accións reivindicatorias, de nulidade e caducidade e as sentenzas e demais resolucións xudiciais, así como os seus efectos rexistrados consonte o disposto nos artigos 17, 18, 69 e 72 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá inscribir no Rexistro de Deseños outras mencións, ademais das previstas nos puntos anteriores.

Artigo 51. *Publicidade.*

1. O Rexistro de Deseños é público. A publicidade farase efectiva mediante consulta á base de datos, obtención de listaxes informáticas ou certificación expedida polo funcionario competente. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá facilitar, con carácter gratuíto, a consulta pública da base de datos mediante a súa posta á disposición pública en redes de comunicación telemática.

2. Malia o previsto no punto anterior, antes de que o deseño fose publicado segundo o previsto nos artigos 20 e 22, a única información rexistral accesible será o nome do titular, o do representante se o houbese, a data de presentación e rexistro, o número de expediente da solicitude e a indicación, se procede, de que a publicación está aprazada. Os extractos do rexistro, estean certificados ou sen certificar, limitaranse exclusivamente á devandita información, excepto cando o extracto o pedise o titular da solicitude ou do rexistro ou o seu representante.

Artigo 52. *Certificacións.*

1. A certificación será o único medio de acreditar de modo que faga fe o contido das inscricións rexistradas.

2. A certificación poderá ser solicitada polo interesado mediante a presentación, ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, do correspondente impreso normalizado en que se indicarán os particulares sobre os cales aquela ha de versar. Cando se solicite unha certificación xeral sobre as inscricións rexistradas dun rexistro de deseño, esta poderá consistir na correspondente listaxe informática da base de datos, certificada polo funcionario competente. Coa solicitude de certificación deberase xuntar o xustificante de pagamento da taxa correspondente.

Artigo 53. *Consulta pública de expedientes.*

1. A consulta pública de expedientes efectuarase sobre os documentos orixinais ou copias destes. Cando os expedientes se conserven mediante soportes técnicos de almacenamento, a consulta pública efectuarase sobre estes medios técnicos. A Oficina Española de Patentes e Marcas establecerá a forma de levarse a termo a consulta. A solicitude de consulta pública non se terá por presentada ata que se aboase a taxa correspondente.

2. Logo de solicitude, a consulta pública realizarase mediante a expedición de copias dos documentos do expediente. Para a obtención de tales copias deberase pagar a taxa correspondente.

3. A consulta terá lugar nos locais da Oficina Española de Patentes e Marcas.

Artigo 54. *Límites á consulta pública de expedientes.*

1. Os expedientes relativos a deseños solicitados ou rexistrados que non fosen publicados non poderán ser obxecto de consulta pública, salvo que así o autorice expresamente o solicitante ou o titular do deseño ou, no

seu defecto, salvo que o interesado na consulta probe que o solicitante ou o titular pretendeu facer valer fronte a el os dereitos derivados da solicitude ou do rexistro.

2. Nas solicitudes múltiples, a consulta pública limitarase ás partes do expediente relativas aos deseños que fosen publicados. Unicamente se permitirá o acceso aos deseños non publicados incluídos nelas cando se dean as circunstancias mencionadas no punto anterior respecto destes deseños.

3. Quedarán tamén excluídos da consulta pública:

a) Os proxectos de acordos e de informes, así como calquera outro documento destinado á preparación de acordos ou informes, que non fosen comunicados ás partes.

b) As partes ou documentos do expediente cuxa confidencialidade fose solicitada polo interesado con carácter previo á petición de consulta, sempre que:

1. Non respondan aos fins de información pública propios do Rexistro de Deseños e

2. A súa consulta non estea xustificada por intereses lexítimos e preponderantes da parte solicitante daquela.

Disposición adicional primeira. Notificacións e comunicacións.

De conformidade co previsto na disposición adicional segunda da Lei 20/2003, do 7 de xullo, serán aplicables ás notificacións da Oficina Española de Patentes e Marcas realizadas en aplicación da devandita lei e deste regulamento, e salvo previsión en contrario destas últimas disposicións, as normas contidas no capítulo IV do título VIII do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo. As referencias ás solicitudes de rexistro de marca ou a calquera outra solicitude que se mencionan no artigo 50.1 do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, entenderanse referidas respectivamente ás solicitudes previstas nos procedementos regulados na Lei 20/2003, do 7 de xullo, e neste regulamento.

Disposición adicional segunda. Representación.

As normas contidas no capítulo VI do título VIII do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, serán de aplicación á representación dos interesados en calquera dos procedementos e actuacións previstas na Lei 20/2003, do 7 de xullo, e neste regulamento. O artigo 57.2 do citado regulamento de execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, será, así mesmo, de aplicación aos procedementos e actuacións previstas nas normas reguladoras das restantes modalidades de propiedade industrial.

Disposición adicional terceira. Cumprimento de trámites e cómputo de prazos.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional cuarta da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, os prazos establecidos neste regulamento computaranse conforme o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO

Reproducción gráfica do deseño

1. A representación gráfica do deseño consistirá na súa reprodución gráfica ou fotográfica, en branco e negro ou en cor, e deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Salvo que a solicitude se presente ou remita en soporte electrónico, de acordo co previsto na alínea d), a reprodución adherirase ou imprimirase sobre follas de papel á parte, ou na páxina prevista para iso no formulario posto á disposición dos solicitantes pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

b) Se se presenta en follas de papel á parte, o deseño reproducirase en papel branco opaco, adherido ou impreso directamente. As follas serán de tamaño DIN A4 (29,7 x 21 cm) cunha marxe esquerda de polo menos 2,5 cm, e non se dobrarán nin gramparán. Na parte superior da folla indicarse o número de perspectivas de conformidade co punto 2 e, en caso de solicitude múltiple, ademais, o número consecutivo do deseño.

c) As dimensións da reprodución non excederán de 26,2 x 17 cm, e aquela deberá posuír o suficiente contraste e nitidez como para distinguir con precisión as características do obxecto da protección solicitada e permitir reducir ou ampliar cada unha das súas vistas ou perspectivas a un tamaño que non exceda de 8 x 16 cm para a súa inscrición no Rexistro de Deseños e a súa publicación de acordo co previsto na lei. Os deseños reproduciranse sobre fondo neutro, sen retoques a tinta ou líquido corrector. A representación non poderá incluír expresións ou símbolos explicativos salvo a indicación «parte superior», se se estima necesaria e, en todo caso, o nome e enderezo do solicitante.

d) Cando, segundo o previsto no artigo 6.3 deste regulamento, se autorice a presentación de solicitudes electrónicas, as condicións, requisitos e características técnicas da reprodución gráfica ou fotográfica do deseño e o formato de realización, así como as modalidades de identificación dos diferentes deseños nas solicitudes múltiples ou das diversas perspectivas, determinaranse segundo o previsto no punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

2. A representación de cada deseño poderá comprender desde unha ata sete vistas diferentes do deseño solicitado, que se poderá agrupar nunha única e mesma reprodución que non exceda das dimensións establecidas no punto 1. Se as reproducións agrupadas non mostrasen suficientemente as características de aparencia do deseño, poderase exixir do solicitante a presentación das vistas en follas separadas coas dimensións estándar, numerándose cada unha delas polo solicitante con dous números árabes separados por un punto, dos cales o primeiro corresponderá ao deseño, e o segundo, á perspectiva. Se se achegasen máis de sete vistas ou perspectivas, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá non tomar en consideración, tanto para efectos do seu rexistro como da súa publicación, as que excedan deste límite, seguindo a orde en que as numerase o solicitante.

3. Cando o deseño conste dun patrón repetitivo sobre unha superficie, a súa representación mostrará o patrón completo e unha porción suficiente da superficie repetitiva.

4. Cando o deseño cuxo rexistro se solicita consista en caracteres tipográficos, a súa representación comprenderá a de todas as letras do alfabeto, en maiúsculas e en minúsculas, e as cifras arábicas, así como un texto de cinco liñas producido coa fonte tipográfica, todos eles no tamaño de fonte 16.